## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 14 DE SETEMBRO DE 2009.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as once horas e tres minutos do día catorce de setembro do ano dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente de D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/dos concelleiras/os D. José Antonio Bouza Rey, D. José Juan Roca Lorenzo, Dna. Mª. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan A. Fernández Ameneiro, Dna. Maria Africa Pérez Filgueiras, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Begoña Gomez Diaz, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fariña Doval. Non asisten, con excusa, os concelleiros, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Juan Domingo de Deus Fonticoba.

Actúa como secretario o que o é da corporación, D. Rafael Bermúdez Iglesias.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 28.08.09

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta que deseguido se relaciona:

- Sesión ordinaria realizada o día 28.08.2009.

### 2.- PEIM RURAL 2009-2010. CAMBIO DE PROXECTO.

**Sr. Alcalde:** Bueno este é un tema que ven de Comisión, e mais que nada é… trátase dun próxecto que debido a un error por parte de Medio Rural, que o título que mandou, como isto ven financiado polo ministerio de Madrid, e o título da obra que mandou a Madrid era o de augas residuais no Concello de Mugardos, ¿non?. E o que mandaramos nós era o de abastecemento de auga de Franza, O Seixo e San Xoan, e nos pediron que, que tiñamos que cambiar o título do proxecto senón o Ministerio non o aprobaría. Polo tanto pois e… esta é o tema que traemos hoxe. Se hai palabras se abre un turno de palabras.

**Sr. Varela Deibe:** eu non digo bos días a todos e a todas, pero digo buenos días, en xeral. Imos a ver, nós como dixemos en comisión, a obra que se vai a cambiar é necesaria. Pero había outras que poderíamos considerar mais necesarias ou mais urxentes, ou mais… que daban mais servizo a mais casas. Entón eiquí teño que criticar un pouco ao concelleiro de, de obras como sempre, mire xa que cara me pon. Porque creo que debería de ter algunhas memorias feitas mais, mais que un proxecto aí enrriba da mesa. Ou sexa que, hai que aprobar por forza o que temos aí. Porque senón nos din non, non da tempo. E isto é o que sucede sempre. Por exemplo, poderíamos ter o camiño das Escadas, está sen alcantarillado, sabes onde está, na travesía Bello Piñeiro, que vai cara a garita, cara as mariñas. E total senón chegan os cartos, eiquí non nos vai a pasar igual, porque parece ser que non da para facer completo o camiño de Lodairo-Seselle. Entón poderíamos facer unha parte de calquera outra obra. Podiamos facer unha parte, pois incluso do alcantarillado do Monte. Asi que entre, entre

outros mais que poden quedar por aí que moitos mais non quedan, non van quedar. Espero que nas próximas convocatorias que haxa de obras e tal, que se ventilen a contratación de obras e a adxudicación de obras e tal, haxa mais memorias. Como por exemplo a de, a da auga de teupoeira, a da auga da abeleira, e a do alcantarillado do Monte, que xa o mencioneu eu antes e outras varias. Que haxa onde, un pouco onde elixir porque senón temos que votar sempre o que nos propoñen. E eu creo que isto é un fallo, porque unhas memorias non valen tanto, son, eu creo que son bastante baratas, vamos por dicilo asi. Polo tanto, nós imos a votar que si, á obra, pero eu creo que vai a quedar incompleta, según mismo o presidente da Comisión, porque falta unha parte do carto. Esperemos, esperemos que na próxima, no futuro se presenten varias memorias para que haxa onde elixir. Nós, o noso voto vai a ser afirmativo, pero con reservas, porque había outras cousas mais urxentes.

**Sr Alcalde:** si Pilar.

**Sra. Díaz Otero** (que traducido literalmente di): bos días, perdón por este ruidiño. Ben, nós imos a manter o mesmo voto que realizamos na comisión, que é un voto afirmativo, de todolos xeitos daremos unha explicación de voto, e é porque era o único proxecto que se tiña, que puidera entrar en prazo. E polo tanto de non aprobarse neste Pleno estaríamos diante da perda dos 90000 euros. De todolos xeitos, a min gostaríame recordar que é a terceira vez que ven a Pleno o PEIM RURAL, e creo que nesta ocasión non é achacable ao Concello de Mugardos, no seu conxunto. Senón que primeiro é achacable a unha reducción que impón o novo goberno da Xunta de Galicia e en segundo lugar a un erro da Xunta de Galicia que nos avoca a tomar esta determinación. Polo tanto á hora de repartir os erros, eu creo que ten unha certa razón, o voceiro, neste intre, do PP, de que sería moi importante que dende o grupo de goberno se foran tendo diferentes memorias, pero tamén ao mesmo tempo e neste caso concreto, eu creo que a actuación da Xunta de Galicia polo menos politicamente foi incorrecta, primeiro na reducción e segundo, nese erro entre comillas, que nos levou a cambiar o que autonomamente decidira o Concello neste Pleno, que era acometer un tramo de abastecemento de auga. Con isas aclaracións, nós imos a manter o noso voto a favor.

**Sr. Alcalde:** Gracias Pilar. Ben senón hai mais palabras e… eu entendo que efectivamente este proxecto xa veu varias veces, e non foi por culpa do Concello, e bueno, equivocar, podemonos equivocar todos. Efectivamente, calquera se pode equivocar. Neste caso pois bueno, houbo un cambio de, de… na asignación que tiña en principio o Concello de Mugardos para o PEIM, se modificou, e logo por ise erro de titulación enviada a Madrid pois se corrixe outra vez. Si que se poden facer memorias, creo que as hai, de feito creo que as hai. O que pasa é que, eu entendo que, hai obras que dificilmente poderían incluirse neste PEIM, neste PEIM, porque as obras que se mencionaron eiquí, pois son bastante mais elevadas que 90000 euros. con 90000 euros, seguramente non fariamos nin unha cuarta parte do que realmente teríamos que facer para facer tanto o alcantarillado do Monte, como das Escadas. E vou a facer unha pequena explicación, primeiro, con esta obra de Lodairo-Seselle, se vai a poñer un alcantarillado a poucas casas, é certo, pero ao mesmo tempo se vai a aproveitar para amañar o camiño que está bastante fastidiado. E dentro do proxecto vai o amaño do camiño. Polo menos na parte onde vai a ir o, o, ata onde chegue o alcantarillado. E logo con respecto ao do Monte, e… se o facemos por gravidade pois iso supón unha obra bastante dificultosa,

porque hai que profundizar moitísimo, e o mais seguro é que saque, que coller practicamente toda a estrada que vai ao Seixo, para poder facer a zanxa, por medidas de seguridade, porque hai que profundizar posiblemente a 8 metros, o cal, home, está feita a topografía, polo menos está feita a topografía. Iso facendoo por gravidade, e si se fai, que se podería facer tamén, con unha minidepuradora, como se está, como se fixo o de Franza. Posto que un bombeo pois é inviable tamén, porque os bombeos teñen que ter un aliviadeiro, e teñen que ir a un sitio onde haxa auga. Senón non se pode poñer. E ainda que as depuradoras levan tamén aliviadeiro, o que alivian é a auga. Polo tanto, iso si que se podería facer, e para iso e necesario ter terreos, ter terreos, digamos na parte mais baixa do, do Monte, cara a Mugardos. Que eu dende logo, sería partidario de que na Comisión de Obras, se aprobase no seu día cando sexa, a merca dun terreo para por alí unha minidepuradora. O mesmo que se puxo na de Franza. E con respecto ás Escadas, mais do mesmo, non pode poñerse en bombeo, porque alí hai que por, por gravidade é imposible, e entón haberá que tamén pensar noutra, noutra minidepuradora. E para iso e necesario mercar terreos. En todo caso, as memorias se poden facer, pero tamén ten que haber un ditame da Comisión de Obras neste caso, ou de servizos, que aprobe a merca de terreos para… para poder montar esas minidepuradoras. Senón hai terreos non as podemos montar, está claro. Bueno, pois eu agradecer a todos pois que, que votedes a prol desta obra, é unha obra necesaria tamén e que tan pronto a aprobemos hai que mandala xa, porque si, si…

**Sr. Varela Deibe**: No tema, vas a enviar a acta para este tema, ¿non?. Si se fai constar que unha parte vai para o amaño do camiño darannos a subvención?.

**Sr. Alcalde:** Non, non, o proxecto xa vai así eh?. Non non, o proxecto está…

**Sr. Varela Deibe:** o problema vai a estar aí.

**Sr. Alcalde:** O proxecto xa está aprobado así.

**Sr. Varela Deibe:** Era nada mais que iso, no outro non me vou a meter porque hai moitas, hai moitas formas de… hai moito tempo para estudialo.

**Sr. Alcalde:** Hai que repoñer o que se levanta. Non, non, non, imos a ver. Todalas obras, todalas obras que, todalas obras que… que se fan de saneamento e de abastecemento requiren unha reposición, do, do, si bueno. Isto é o que vai eiquí, no proxecto e a reposición do, do firme do camiño. Ben, votos a favor.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación, e o Concello Pleno, tendo en conta o ditame da Comisión Informativa de Obras, Servizos, Persoal, Medio Ambiente e Parques do Concello de Mugardos, por 10 votos a favor (5 BNG, 2 PP, 2 PSOE, 1 EU-IU) e unha abstención (IPM), acorda:

1º.- Deixar sen efecto o acordo adoptado polo Concello Pleno, en sesión realizada o día 26.06.09.- PEIM RURAL 2009-2010.

2º.- Participar nos **Proxectos Estratéxicos de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural 2009-2010),** cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

| DENOMINACIÓN | ORZAMENTO TOTAL |
| --- | --- |
| *"AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS: LODAIRO-SESELLE"* | 90.000 |

3º- Aprobar o proxecto da obra anteriormente citada, redactado polo enxeñeiro de camiño D.Marcelino López Méndez, de data maio de 2009.

4º.- Comprometerse á obtención dos permisos, licenzas e autorizacións que se precisen, facerse cargo das taxas que puideran xerarse, con exención expresa de taxas municipais para estas actuacións.

5º.- Poñer a disposición da Consellería os terreos precisos para a execución das obras.

6º.- Asumir, unha vez rematadas as obras, a conservación das mesmas, logo da súa recepción.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e dezaseis minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e prace
O ALCALDE,